




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Aldán e Costa dá Vea. Municipios: Bueu e Cangas.
Parroquias: en Bueu, San Martiño de Bueu; e en Cangas, San Cibrán de Aldán, San Salvador de
Coiro e Santo André do Hío. Extensión: 4,80km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade de cabeceira fluvial costeira queda encaixada nas elevacións da Serra da Madalena que, de xeito arqueada ábrese cara ao oeste, en dirección á ría de Aldán. Aproveitando dúas fracturas de dirección aproximada suroeste-nordés (a principal) e norte-sur, responsables da orientación da serra e dos desniveis entre ela e as terras baixas costeiras, aparecen os vales contrapostos do Rego do Fial, cara ao sur e Rego Orxas cara ao norte. O río resultante da confluencia de ambos sae da unidade cara ao fondo da ría a unha altitude duns 25m. Este dato unido aos 332m do punto máis alto da serra, distantes só a 1,5km, implica a existencia dunhas pendentes elevadas e moi contrastadas. Así, nas vertentes máis elevadas, os valores superan o 50% mentres na parte baixa dos dous vales non alcanzan o 10%. O cruzamento de fracturas e o contraste topográfico explican a compartimentación do relevo e a ocultación parcial da unidade ante a fronte costeira

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade componse dun granito con feldespato alcalino, incluíble nas rocas ígneas de afinidade alcalina, e que presenta facies de gran medio a fino no extremo suroeste da mesma, cara á zona do Outeiro dá Raposa. Só se modifica esta monotonía litolóxica na área da localidade de Gandón, na parte oeste da unidade, onde aparecen dous sectores de granitoides de afinidade calcoalcalina. Concretamente, un sector contén granodiorita con megacristais feldespáticos e, ao norte dela, o outro, ten granito e granodiorita biotíticos. Con respecto ao Cuaternario, este cobre a parte inferior dos vales dos regos de Orxas e do Fial, alcanzando especial extensión no sector de confluencia de ambos. Trátase de depósitos detríticos coluvio-eluviales.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A influencia é oceánica en toda a unidade, manifestada con temperaturas suaves e precipitacións moderadas. En canto ás primeiras, rexístranse valores medios anuais que non baixan de 14°C, superando os 15°C na maior parte da unidade. As precipitacións presentan un progresivo incremento coa altitude de maneira que, aínda que nunca son inferiores aos 1200mm ao ano, nas partes máis elevadas da Serra dá Madalena chegan a alcanzarse os 1600mm, froito da súa maior altitude e sobre todo da súa orientación fronte ás masas húmidas procedentes do océano. Por iso, o dominio climático imperante é Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida nas cotas máis altas.

OS SOLOS

Catena característica de fondo de val a cabeceira. Na metade occidental da unidade localízanse os solos máis profundos e evolucionados de tipo fluvisol nas veigas fluviais e cambisol nos terreos aplanados ou de escasa pendente. Sobre eles aséntanse as terras de cultivo e os núcleos de poboación. Cara á cabeceira da conca, as pendentes fanse cada vez máis pronunciadas, especialmente nas vertentes da Serra da Madalena. En consecuencia, os solos perden espesor progresivamente, os seus perfís presentan horizontes pouco evolucionados (con frecuencia tan só dous) e en definitiva, son máis pobres, aptos maiormente para usos forestais. Os tipos característicos son os regosoles e os leptosoles líticos, estes últimos en superficies intensamente erosionadas con afloramentos do substrato rochoso (cumes da Serra da Madalena).


AS AUGAS

Sistema fluvial xerarquizado polos arrosios do Fial ao sur e Orxas ao norte, que conflúen na parte central da unidade. Trátase de dous vales tectónicos desenvolvidos na fachada occidental da Serra da Madalena, aos que verten pequenos arrosios de escasa significación procedentes principalmente do citado macizo montañoso.

O PATRIMONIO NATURAL

Área fortemente transformada carente practicamente de cuberta vexetal natural. As extensas masas de piñeirais e eucaliptais nas vertentes medias e altas e nas cimas só permiten a presenza, nestas últimas, de áreas con potencialidade para os brezais secos europeos (hábitat 4030), e de hábitats ripícolas nos afloramentos graníticos, en concreto do grupo 82, Pendentes rochosas con vexetación casmofítica. O Outeiro da Raposa, o Pico da Garita e a propia Serra da Madalena, son os lugares nos que se atopan estes dous grupos de hábitats, o de matogueira e o de vexetación asociada aos afloramentos rochosos. Nas vertentes medias e baixas desenvólvense masas arboredos mixtos nas que quedan algunhas formacións dispersas de carballos, restos de formacións orixinais máis extensas, incluíbles no hábitat 9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta un marcado uso forestal, dominado por extensas masas de piñeirais e eucaliptais ao norte e no flanco este de a mesma. O carácter forestal combínase cos usos agropecuarios en minifundio do val, asociados ás edificacións dispersas linealmente ao longo das estradas.

MORFOLOXÍA

Trátase dun territorio bastante poboado, especialmente na parte oeste da unidade. Os núcleos tradicionais de Piñeiro, Erbelo e Caroceiro, vinculados orixinariamente ás actividades produtivas primarias, experimentaron os maiores crecementos con numerosas edificacións modernas, erixidas ao longo das vías de comunicación máis como vivendas de segunda residencia que como un crecemento natural dos núcleos fundacionais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía principal que atravesa a unidade é a VRG-4.6 que transita polo extremo norte. A rede de comunicacións complementase con dúas vías secundarias que estruturan o parcelario, a PO-315 que discorre polo límite oeste da unidade, e a EP-1002, que une o núcleo de Piñeiro con Erbelo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A Serra da Magdalena conta cun rico patrimonio arqueolóxico conformado polo conxunto de petroglifos de Monte dá Vixia, Río Loureiro e Monte Pereira. En Gandón atópanse O Curral e Cistas de Gandón e en Erbelo constátase a existencia dun Castro do mesmo nome.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística está condicionada pola presenza de continuo edificado en diseminado presente no flanco oeste do ámbito. Esta elevada antropización está vinculada ao desenvolvemento do sector turístico da zona, introducindo novos usos na unidade. Este carácter residencial combínase co marcado uso forestal dos montes da Serra da Magdalena.

DINÁMICA DA PAISAXE

A superficie destinada a uso forestal permanece invariable, mentres que as parcelas destinadas ao uso agrícola fóronse abandonando paulativamente para dar paso a edificacións unifamiliares e vivendas dispersas empregadas como segunda residencia, feito que desvinculou o carácter agrícola da zona coa poboación residente.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun área transformada na que a calidade paisaxística que adoita asociarse aos bosques autóctonos foi minguada polas plantacións de eucaliptos e piñeiros nas partes altas e os usos agropecuarios e os procesos edificatorios das zonas máis baixas. Destacar o mirador do Monte Liboreiro e a Mesa de Montes como os mellores espazos de observación da unidade, ambos situados na parte este.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan ámbitos de recualificación na presente unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



